

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE DEREITO PÚBLICO ESPECIAL E DA EMPRESA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado polo Consello de Goberno da USC o 31 de xaneiro de 2017)

CAPÍTULO I

PRELIMINAR

Artigo 1: Disposición xeral

O Consello do Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa é un dos órganos de goberno do Departamento e está sometido ao disposto neste Regulamento, así como á normativa de rango superior e, en particular, aos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

O Departamento está adscrito á Facultade de Dereito e ten nela a súa sede.

CAPÍTULO II

COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

Artigo 2: Composición

As áreas de coñecemento integradas no Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa son: Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Dereito Financeiro e Tributario, Dereito Mercantil, Dereito Penal, Dereito Procesual, Filosofía do Dereito e Historia do Dereito e das Institucións.

A composición e as funcións do Consello de Departamento son as establecidas nos Estatutos da USC e demais lexislación aplicable.

CAPÍTULO III

RÉXIME DAS REUNIÓN DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

Artigo 3: Lugar de reunión

O Consello reunirase na Facultade de Dereito da USC, na dependencia que o director ou directora designe.

Artigo 4: Periodicidade das reunións

O Consello celebrará, polo menos, tres reunións ordinarias durante o curso académico en período lectivo.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE DEREITO PÚBLICO ESPECIAL E DA EMPRESA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 5: Convocatoria

1. As reunións do Consello de Departamento serán convocadas polo director do Departamento, que poderá dar orde de facelo ao secretario ou secretaria do Departamento.

2. O director deberá convocar o Consello cando llo soliciten, por escrito, un terzo dos seus membros. A tal efecto, os solicitantes deberán indicar os asuntos que queren que sexan tratados na reunión. O director deberá convocar o Consello para que se reúna dentro dos 15 días naturais seguintes á recepción da solicitude.

3. A convocatoria deberá recoller o día e hora de reunión, así como a orde do día cos asuntos a tratar. A determinación da orde do día correspóndelle ao director do Departamento, mais na orde do día figurará, necesariamente, o punto relativo á aprobación da acta da sesión anterior, os informes do director sobre os acordos da Comisión Permanente ou sobre outras cuestións e o punto de rogos e preguntas, salvo que o Consello se convoque con carácter extraordinario para debater un só tema, para a elección do director ou para a súa revogación. Así mesmo, no suposto previsto no apartado 2 deste artigo, o director estará obrigado a incluír na orde do día os asuntos que consten na solicitude de convocatoria.

4. Na convocatoria do Consello farase constar a posibilidade de que o Consello de Departamento se constitúa en segunda convocatoria.

5. A convocatoria será remitida por correo electrónico a cada un dos membros do Consello de Departamento, cunha antelación mínima de dous días ao comezo da reunión. A estes efectos, considerase como medio válido de notificación o correo electrónico dirixido ao enderezo que cada membro do Consello debe ter na USC.

6. Cando existan razóns excepcionais que o xustifiquen o director poderá desconvocar unha reunión do Consello, debendo comunicalo a tódolos membros por correo electrónico, explicando as razóns polas que se desconvoca a reunión. Non obstante, non procederá a desconvocatoria nos casos previstos no apartado 2 deste artigo.

Artigo 6: Dereito de información

1. Os membros do Consello poderán consultar a documentación relativa aos asuntos incluídos na orde do día na sede da Secretaría do Departamento, durante o período que media entre a convocatoria da reunión e a súa celebración.

2. Igualmente, os membros do Consello poderán formular as preguntas oportunas sobre os asuntos da orde do día durante o desenvolvemento da reunión.

Artigo 7: Asistencia

A asistencia ás reunións do Consello de Departamento é persoal, sen que sexa admisible, en caso algún, a representación.

Artigo 8: Quórum de constitución

1. A válida constitución do Consello, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirá a presenza do director e secretario ou, no seu caso, de quen os substitúan validamente, e da metade, polo menos, dos seus membros

2. En segunda convocatoria quedará validamente constituído o Consello de Departamento aos dez minutos da primeira convocatoria, sempre que estean presentes o director e secretario do Departamento, ou quen os substitúan validamente, e un cuarto dos seus membros.

3. Serán nulos os acordos adoptados sobre asuntos que non figuren incluídos na orde do día, salvo que estean presentes tódolos membros do Consello de Departamento e voten a favor de dita inclusión.

Artigo 9: Mesa da reunión

As reunións do Consello serán presididas polo director, que estará asistido polo secretario. O director ordenará os debates, concedendo e retirando a palabra, determinando asemade cando está suficientemente debatido un punto da orde do día. Corresponde ao director declarar adoptados os acordos.

Artigo 10: Sistemas de votación

1. Os acordos poderán ser adoptados por asentimento de tódolos membros do Consello presentes.

2. En caso de que algún dos membros do Consello manifeste a súa oposición á adopción do acordo por asentimento, ou solicite expresamente unha votación, procederase á realización desta.

3. Se algún membro o solicita expresamente, a votación será secreta.

4.- Quedan a salvo as disposicións de rango superior que establezan un sistema específico de votación para a adopción de determinados acordos.

Artigo 11: Maiorías requiridas para a adopción de acordos

Cada asistente terá dereito a un voto. Salvo nos casos nos que este Regulamento ou outras normas de rango superior esixan maiorías reforzadas, os acordos entenderanse validamente adoptados cando o número de votos a favor sexa

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE DEREITO PÚBLICO ESPECIAL E DA EMPRESA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

superior ao número de votos en contra, con independencia do número de abstencións, votos en branco ou votos nulos. No suposto de empate o voto do director será dirimente.

Artigo 12: Acta da reunión

1. O secretario do Departamento redactará a acta da reunión con posterioridade á súa finalización

2. En acta reflectirase, polo menos, o día, lugar e hora da reunión, os asistentes, os que xustificaran a súa ausencia, a orde do día da sesión, os puntos principais das deliberacións, así como a forma e resultado das votacións e o contido dos acordos adoptados.

3.- Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do Consello, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que xustifiquen o sentido do seu voto favorable. Asemade, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou no prazo que sinale o director, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.

4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de 48 horas, que se incorporará ao texto aprobado.

5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte reunión, podendo non obstante emitir o secretario certificación sobre os acordos específicos que se adoptaran, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

Nas certificacións dos acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

6. Os membros do Consello de Departamento poderán consultar, en calquera momento, as actas das reunións do Consello (e da Comisión Permanente) correspondentes ao período de tempo durante o que foron membros do Consello. Igualmente poderase consultar o libro de rexistro de saídas do Departamento e calquera outra documentación en presenza do director ou do secretario.

CAPÍTULO IV DA COMISIÓN PERMANENTE

Artigo 13. Composición

O Departamento terá unha Comisión Permanente que estará constituída por:

a) O director do Departamento, que a presidirá e convocará.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE DEREITO PÚBLICO ESPECIAL E DA EMPRESA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

b) O secretario do Departamento, que exercerá as funcións propias do seu cargo.

c) Sete profesores, un por cada área de coñecemento das que integran o Departamento. O Consello de Departamento nomeará a un representante titular de cada área e a un suplente, a proposta das propias áreas. A Comisión será renovada coincidindo coa elección do director do Departamento ou antes por acordo do Consello de Departamento.

Artigo 14: Competencias

Son competencias da Comisión Permanente:

1. Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
2. Asesorar ao director do Departamento en tódalas cuestións que este lle someta no exercicio das súas competencias.
3. Coñecer e adoptar acordos sobre calquera asunto que, sendo competencia do Consello de Departamento, lle fora delegado por este órgano. En canto o Consello de Departamento non se pronuncie en sentido contrario, enténdese que delega as súas competencias na Comisión Permanente, agás as seguintes, que non poderán ser obxecto de delegación:
 - a) A elección de director e, de ser o caso, a proposta ao Reitor da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.
 - b) A aprobación do POD. Xa que logo, enténdese delegada na Comisión Permanente a aprobación das sucesivas modificacións de dito plan que traian causa de circunstancias sobrevidas ao longo do curso académico
 - c) A formulación das peticións de profesorado, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e do terceiro ciclo, e a información sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
 - d) A aprobación das contas anuais e do orzamento do Departamento, así como a distribución das cantidades asignadas e dispoñibles polo Departamento.
 - e) A modificación do Regulamento de Réxime Interno.
 - f) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte á lexislación vixente.

Artigo 15: Lugar das reunións

A Comisión Permanente celebrará as súas reunións na Facultade de Dereito, na dependencia que determine o director.

Artigo 16: Convocatoria

1. As reunións da Comisión Permanente serán convocadas polo director do Departamento, que poderá dar orde da facelo ao secretario do Departamento.

2. O director deberá convocar a Comisión cando llo soliciten, por escrito, un terzo dos seus membros. A tal efecto, os solicitantes deberán indicar os asuntos que queren que sexan tratados na reunión. O director deberá convocar a Comisión para que se reúna dentro dos 15 días naturais seguintes á recepción da solicitude.

3. A convocatoria deberá recoller o día e hora de reunión, así como a orde do día cos asuntos a tratar. A determinación da orde do día correspóndelle ao director do Departamento. No suposto previsto no apartado 2 deste artigo, o director estará obrigado a incluír na orde do día os asuntos que consten na solicitude de convocatoria.

4. A convocatoria será remitida por correo electrónico a cada un dos membros da Comisión, cunha antelación mínima de dous días ao comezo da reunión. A estes efectos, considerase como medio válido de notificación o correo electrónico dirixido ao enderezo que cada membro do Consello debe ter na USC.

5. Cando existan razóns excepcionais que o xustifiquen o director poderá desconvocar unha reunión da Comisión, debendo comunicalo a tódolos membros por correo electrónico, explicando as razóns polas que se desconvoca a reunión. Non obstante, non procederá a desconvocatoria nos casos previstos no apartado 2 deste artigo.

Artigo 17: Quórum

A Comisión Permanente constituirase validamente, en primeira convocatoria, coa asistencia da metade dos seus membros e en segunda convocatoria, que se celebrará dez minutos despois aínda que non se indique expresamente na convocatoria, coa presenza dun terzo dos seus membros. En ámbolos dous casos requirirase a presenza do director e do secretario, ou, no seu caso, de quen os substitúa validamente.

Artigo 18.- Votación e maiorías

1. Os acordos pódense adoptar por asentimento ou por votación.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE DEREITO PÚBLICO ESPECIAL E DA EMPRESA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2. Cada asistente terá dereito a un voto. Salvo nos casos nos que este Regulamento ou outras normas de rango superior esixan maiorías reforzadas, os acordos entenderanse validamente adoptados cando o número de votos a favor sexa superior ao número de votos en contra, con independencia do número de abstencións, votos en branco ou votos nulos. No suposto de empate o voto do director será dirimente.

Artigo 19. Actas e Informes

1. De tódalas reunións da Comisión Permanente o secretario redactará unha acta, na que se recollerán as circunstancias de tempo e lugar de celebración, a orde do día, a relación de asistentes e os acordos adoptados.

2. O director informará de tódolos acordos adoptados pola Comisión Permanente na primeira reunión ordinaria do Consello que se celebre con posterioridade a ela.

3.- Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros da Comisión, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que xustifiquen o sentido do seu voto favorable. Asemade, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou no prazo que sinale o director, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.

4. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de dous días, que se incorporará ao texto aprobado.

5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte reunión, podendo non obstante emitir o secretario certificación sobre os acordos específicos que se adoptaran, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

Nas certificacións dos acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa ratificación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela e da súa publicación na sede electrónica da USC.